

DATOS SOBRE A PRESENCIA DE ESTRUCTURAS DE ACCESO EN TÚMULOS MEGALÍTICOS DA PROVINCIA DE LUGO

Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez⁽¹⁾

RESUME

Analízanse unha serie de escavacóns antigas de túmulos da provincia de Lugo, ademais dun achédego casual, e reinterpretanse á luz das estructuras de acceso detectadas en anos recentes noutros monumentos do noroeste peninsular. Suxírese a súa relación con este tipo de entradas intratumulares e enmárcanse dentro do seu contexto xeral, sinalando aqueles caracteres que as particularizan do resto.

RESUMEN

Se analizan una serie de excavaciones antiguas de túmulos de la provincia de Lugo, además de un hallazgo casual, y se los reinterpreta a la luz de las estructuras de acceso detectadas en años recientes en otros monumentos del noroeste peninsular. Se sugiere su relación con este tipo de entradas intratumulares y se las enmarca dentro de su contexto general, señalando aquellos caracteres que les son peculiares.

O descubrimento nos últimos quince anos dunha arquitectura realizada en terra e pedras de pequeno tamaño, ou en materiais perecedeiros, acompañando aos monumentos megalíticos⁽²⁾ do NO peninsular, ten a súa manifestación máis rechamante na aparición de estructuras de acceso fronteiras ás portas de certos sepulcros, é dicir, a existencia de espacios abertos no túmulo para permitir a entrada permanente ata a cámara a través del e sen dafñalo, dado que a porta dos monumentos adoita atoparse retrasada con respecto ó límite da mámoa.

A maioría destes accesos coñecidos correspóndense a antas de corredor⁽³⁾, aínda que as escavacóns recentes amosan que non se poden considerar un elemento exclusivo

(1) Dpto. de Historia I. Facultade de Xegrafía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela.

(2) Utilizo o termo megalítico no su sentido xeral, por estar consolidado na bibliografía arqueolóxica, aínda que comparto as críticas que se teñen feito ao mesmo, así como a necesidade de falarmos mellor de fenómeno tumular. Procurei todo o tempo asociar este adjetivo a conceptos xerais (monumentos —en plural—, fenómeno); cando aparece xunto ao sustantivo cámara está utilizado no seu sentido literal de “grandes pedras”.

(3) Dombate [Bello 1992/93; Alonso e mais Bello 1995], Prado do Rei 3 (Dumbria, A Coruña) [Manolo Lestón, com. pers.], A Mina de Parxubeira [Rodríguez 1989], Forno dos Mouros [Criado e mais Vaquero 1991], Cova da Moura [M. C. García Martínez, com. pers.], A Casota do Páramo [Criado e mais outros 1986], Campiños 6 [Fábregas e mais Fuene 1991/92]. Cha de Parada 1 [Jorge e mais Bettencourt 1988] e Madorras 1 [Gonçalves e mais Cruz 1994].

deste tipo de estruturas⁽⁴⁾. Como consecuencia destes descubrimientos recentes pódense revisar unha serie de escavacións e achádegos antigos que amosaban unhas características peculiares con escasos paralelos no conxunto do noroeste, e que en realidade nos estaban a indicar a presencia de estruturas de acceso neses monumentos [Criado e mais outros 1986: 97; Fábregas e mais Fuente 1991/92: 122; Fábregas 1992: 229–230].

Co presente artigo pretendo analizar os casos deste tipo que coñecemos para a provincia de Lugo, dando a miña interpretación do que sabemos das estruturas de acceso e dos monumentos estudiados, procedendo despois a analizalas dentro do seu contexto xeral noroccidental. Con isto non pretendo senón profundizar cunha perspectiva crítica, necesaria para un investigador de finais do século XX, na posibilidade de utilizar escavacións antigas nos nosos estudos. Non creo que estas se deban criticar, nin moito menos, xa que cada unha é filla do seu tempo, pero si debemos valorar (facendo así unha reflexión persoal) a viabilidade de incluíllas nas nosas investigacións. A fin de contas, que para mim resulte evidente a necesidade de existiren estruturas de acceso non deixa de ser un influxo do momento en que me formei, cando xa se coñecían varias destas construccóns en Galicia.

1.– MÁMOAS E ACCESOS: O MARCO PARA A DISCUSIÓN

As mámoas galegas concibíronse formadas por unha cámara central rodeada por un túmulo mesmo xa desde os principios do que podemos denominar investigación científica [López Cuevillas 1923: 19]. Aínda así, as escavacións case sempre se centraron, con honrosas excepcións, no seu centro, en busca de definir a forma da cámara megalítica⁽⁵⁾, e de recuperar o axuar nela depositado. As excepcións a esta concepción entre os investigadores da primeira metade do século teñen un nome que case as monopólia, Federico Maciñeira, preocupado por deixar constancia de todos os datos que atopaba, mesmo da composición do túmulo, esquencendo os esquemas preconcibidos de como *debería* ser o monumento.

Non foi ata os anos 70 que se descubriu a mámoa como fonte de información arqueolóxica. De todos os xeitos, este descubrimento ficou limitado por concibirse o túmulo como elemento puramente arquitectónico, complemento monumentalizante da cámara no que a penas se realizaban unhas zanzas para averiguar a súa composición, sen ter en conta que a mámoa non é só arquitectura construída, senón tamén arquitectura utilizada. Bo exemplo desta filosofía atópase na maioría das escavacións dos monumentos megalíticos da Serra da Aboboreira, fóra das fronteiras galegas, pero pertencente probablemente ao mesmo ámbito cultural, e, en xeral, na maioría das intervencións que con-

(4) Temos accesos más ou menos desenvolvidos para a pequena cámara sepultada polo túmulo do dólmen de Dombate [Bello 1992/3; 1994; Alonso e mais Bello 1995]; o túmulo de Monte de Dorna (Taragona, Rianxo) [Ana Filgueiras, com. pers.]; Pedra do Boi 3 (Dumbría, A Coruña) [Manolo Lestón, com. pers.]; así como un dos túmulos de Illade (As Pontes, A Coruña) [Jacobo Vaquero 1995: nota 9; e com. pers.].

(5) Cuevillas e mais a maioría dos seus contemporáneos non aceptan para as mámoas galegas a existencia doutro tipo de estruturas que non fosen as dólmenicas (máis ou menos desenvolvidas) ou cistoides, de xeito que abordaban as escavacións en orde a atopar estruturas deste tipo. Isto refléxase, en Cuevillas por exemplo, na abundancia nas súas publicacións da afirmación de que un túmulo “non conservaba restos da anta” [ver, por exemplo, López Cuevillas 1925]; de feito, todos os artigos sobre as súas escavacións en mámoas inciden sobre todo na descripción do estado da zona central, indicando se conservaban ou non a súa correspondente cámara.

sideran escavado o monumento coa realización dunha zanxa transversal ao mesmo. É de salientar como os diversos estudos de Vítor O. Jorge nos que analiza teóricamente o proceso de escavación [1978, 1987 ou 1991] tratan non só o túmulo, senón todo o monumento, como unha arquitectura que cómpre entender na súa estructura, pero da que a penas, por non decir nunca, se plantexa chegar a coñecer como foi utilizada. Só ao longo dos últimos anos veuse, no que a Galicia se refire, a necesidade do estudio global da estructura coa xeralización das escavacións en área.

Desde o meu punto de vista, cómpre pensar os monumentos que estamos a estudiar para ter moi claro non só que é o que pretendemos coa súa escavación (rara vez se atopa algo que non se busca), senón mesmo preconcibir o monumento⁽⁶⁾, aliñándose así con Criado e mais Vaquero [1991: 129] en defender a necesidade de chegar a unha rigorosa conceptualización do que supón o megalitismo antes de proceder a desenvolver os traballos empíricos.

En primeiro lugar, hai que ter en conta que non todos os xacementos son iguais e, se ben nun poboado ou nunha grande necrópole ao xeito das ibéricas, a realización de sondeos ou a escavación dunha pequena parte pode darnos unha idea do seu conxunto, nun túmulo esta práctica non nos daría os mesmos resultados: unha mámoa é, dentro das súas reducidas dimensións, todo un cemiterio ela mesma, unha tumba colectiva máis que unha necrópole, e para entendérmola cómpre a realización de escavacións en área. Sírvenos de tan pouco explorar a forma da cámara e os datos aportados pola realización dunha zanxa no túmulo como nos serviría coñecer únicamente a zona do altar e mais un anaco de muro dunha igrexa románica, ou os resultados ofrecidos pola escavación dunha furna cineraria pertencente a unha grande necrópole: a representatividade sobre o conxunto do xacemento (non me refiro con isto á proporcionalidade, senón, sobre todo, no relativo á súa comprensión) é mínima en todos os casos.

Do mesmo xeito que non nos plantexariamos a escavación de media cista nin pensaríamos que unha incineración se atopa escavada coa realización dunha zanxa ao longo da mesma, tampouco debemos pensar na posibilidade de entender un túmulo coa escavación dunha pequena parte. A necesidade de proceder á escavación en área do mesmo é fundamental, posto que só así poderemos chegar a comprender o xeito en que todo el foi concibido como configurador dun espacio funerario único, ao mesmo tempo que se procede a analizar o(s) xeito(s) en que foi utilizado: cando escavamos unha mámoa o que estamos descubrindo na maioría dos casos son os restos que as diferentes violacións do monumento teñen deixado da súa última utilización como sepulcro, e entre elas podemos atopar restos de utilizacións anteriores⁽⁷⁾.

(6) A escavación é un proceso intelectual, di V. Jorge [1987: 226].

(7) Cada vez son más os datos que temos de diferentes utilizacións para túmulos do noroeste: en Dombate [Alonso e mais Bello 1995] e Forno dos Mouros [Criado e mais Vaquero 1991] téñense descuberto dous accesos distintos para os monumentos, un superposto ao outro; na primeira das antas citadas, o monumento actualmente visible sepultaba unha cámara anterior máis pequena; Pena Mosqueira 3, Pena do Mocho 2, Cotogrande 1 e 5 [Fábregas 1995: 104], Illade, Ponte da Pedra [Vaquero 1995], Pedra do Boi 3 [Manolo Lestón, com. pers.] e Monte de Dorna [Ana Filgueiras, com. pers.] semellan ter sufrido un proceso de retumulación, e, en casos, de transformación da súa estructura central, mesmo con destruccións da previamente existente.

Penso que desde un punto de vista teórico debemos concibir as mámoas como entes vivos que agachan, baixo a súa apariencia ou *estética* tumular, un azaroso proceso de creación dun xacemento arqueolóxico tal e como hoxe o atopamos [Vaquero 1995]. Só a escavación en área nos poderá permitir comprender o xeito en que cada un dos monumentos foi *concibido e utilizado* ao longo do tempo polos seus constructores e diferentes usuarios.

No que aos accesos se refire, cando dicimos que moitos dos túmulos, nomeadamente aqueles que presentan cámaras megalíticas abertas, foron probablemente sepulcros de uso colectivo, é decir, *continuado* [Rincón 1992: 234], obrigámonos a pensar no monumento como nalgas máis ca un simple recinto onde, nun tempo inmemorial, se depositaron uns cadáveres acompañados dunha serie de obxectos que hoxe en día cómpre desenterrar. A construción, con isto, deixa de ser un “capricho” das xentes prehistóricas pasando a ser un “edificio” perfectamente *pensado* para ser utilizado: como sepulcro, debe existir unha creación consciente dun *espacio* onde acoller aos defuntos; como colectivo, debe permitir a súa (re)utilización, o *tránsito* dos vivos desde o exterior da tumba ata o lugar sepulcral, tanto para realizar un novo enterramento como para saír del unha vez practicado. Estaremos tratando así aos monumentos como edificios perfectamente pensados para servir tanto aos vivos, como lugar permanente de enterramento dos seus defuntos, como aos mortos, como o seu “lugar de residencia”.

Se analizamos únicamente o caso das antas de corredor, consideradas desde sempre sepulcros colectivos, cabe pensar de forma teórica que cando as portas dos monumentos non acadan o borde do túmulo, como sucede no caso do noroeste, debe existir neste algúns tipo de estructura que permita o acceso á cámara sen dañalo cada vez que se deseñe realizar un novo enterramento [Vilaseco 1995a]. teoricamente, as formas que estes accesos poden tomar son variadas [FIGURA 1]: un pasillo interrompendo a couraza ao xeito do existente en Praia das Maçãs [Gonçalves 1982/83: 35]; un pozo de acceso situado a media altura da mámoa como o que define ás cámaras con vestíbulo-pozo catalanas [Cura e mais outros 1991: 257]; ou algunha estructura tipo adro semellante ás *court tombs* irlandesas⁽⁸⁾ [O’Kelly 1989: 85–89]. Algo así plantexaban xa os Leisner para os monumentos de Reguengos logo de observaren que a porta do corredor se encontraba retrasada respecto á orla do túmulo na maioría das mámoas, ao tempo que dúas das antas (a 2 de Poço da Gateira e mais a 3 da Comenda) presentaban unha estructura ao remate do corredor, denominada por eles adro, ocupando o espacio existente entre aquel e mais o final da mámoa [Leisner e mais Leiner 1951: 27 e 31].

O feito de que en escavacións recentes estean a aparecer constantemente estructuras deste tipo, cunha tipoloxía moi variada, diante dos corredores dos dólmenes galegos semella indicar que non son estructuras ocasionais nin únicas, e que en todos os monumentos deste tipo debeu existir algúns sistema de acceso máis ou menos complexo, malia a que non sexamos capaces de atopalo en todos os casos.

Pero tamén podemos esperar algo semellante para outro tipo de monumentos que non sexan antas de corredor: as pequenas cámaras demolidas tradicionalmente

(8) Nótese que non fago a comparación cos adros presentes nos dólmenes de Millares, xa que neles estes espacios se atopan fóra do túmulo, mentres que nas antas irlandesas están inscritas neste. Debo esta puntualización a José Mª Bello.




Figura 1. Formas teóricas simples de accesos a través do túmulo.
A. Acceso en pozo. B. Acceso en patio. C. Acceso en pasillo.

“poligonais simples abertas” deben presentar algún tipo de estructura de acceso fronteira á súa porta se é que tiveron un uso colectivo, tal e como se constata na cámara sepultada polo túmulo do dólmen de Dombate, cun acceso en pozo situado a media altura da mámoa [Bello 1992/93: 142–143; 1994: 289]; ou noutro tipo de cámaras peor definidas, como Pedra do Boi 3 (Dumbría, A Coruña), cunha estructura de entrada extremadamente semellante á dos Campiños 6 [M. Lestón, com. pers.]. Mesmo cabe a posibilidade de atoparmos algúns sistemas de entrada en mámoas con estructuras centrais “paramegalíticas” como sucede nun dos túmulos de Illade (As Pontes, A Coruña) na que o acceso se realizaría a través dunha pasarela feita en madeira asombrosamente ben conservada [Vaquero 1995: nota 9; e com. pers.]. Cando escavamos unha mámoa debemos estar, en definitiva, abertos á posibilidade de que sexa unha realidade totalmente diferente ao que coñecemos ata o momento.

O termo que aquí veño empregando á hora de denominar as aperturas practicadas nos túmulos para facilitar o tránsito a través dos mesmos cun carácter máis ou menos permanente desde o exterior ata o sepulcro, *estructura de acceso*, ou, simplemente, *acceso*⁽⁹⁾, pode se cadra implicar un certo encadeamento á función, pero quede claro que este é só lingüístico; con el defíñese á perfección a necesidade estructural pola que xorden estas construccóns (unha necesidade real, como é a de practicar sucesivos enterramentos dentro da mesma tumba) sen presupor ningún tipo de utilización ritual paralela. Ademais, pódese empregar para os diversos tipos de estruturas que teñen aparecido nos diversos monumentos, desde os grandes espacios abertos atopados nas antas de corredor, ata a entrada en funil de Dombate antigo ou a pasarela en madeira de Illade.

Por suposto, e pese a defender que estes espacios intratumulares fronteiros á porta nacen da necesidade estructural de entrar e saír da cámara cando se realiza un novo enterramento, non pretendo manter o reduccionismo funcionalista de que esta é a súa única razón de ser. De feito, hipoteticamente, caben múltiples posibilidades de realizar o acceso ao sepulcro; podería ser, por exemplo, que a mámoa envolvese permanentemente na súa totalidade á anta, e que cada vez que se quixese sepultar a un novo individuo se escavase naquela ata atopar a entrada da cámara sepulcral, reconstruíndo o túmulo logo da deposición do defunto, tal e como se ten constatado nas antas de corredor catalanas⁽¹⁰⁾. Isto, que nos plantexaría unha serie de interpretacións moi interesantes a nivel ritual e simbólico, é unha posibilidade perfectamente viable, e que nos debemos plantexar cando realicemos unha escavación, pero que deberíamos captar se empregamos a escavación en área, ao ficaren probablemente no túmulo restos destas diversas reutilizacións. Sen

(9) En ningún momento se debe considerar o mesmo como novísimo, xa que ten sido utilizado, dun xeito más ou menos consciente por infinitude de autores [García 1975; Criado e mais outros 1986; Fuente e mais Fábregas 1988/89; Rodríguez 1990; Criado e mais Vaquero 1991; Cura e mais otros 1992a; Bello 1994].

(10) Nas antas catalanas os corredores están construídos con parede seca e probablemente nunca tiveron cubrición (non se ten atopado ningunha); neles constátase unha estructura de peche atribuíble aos tempos nos que se fixo a primeira inhumación. Detéctase, ademais, unha destrucción parcial da estructura tumular abrindo de novo o corredor para reutilizar a tumba, tras o que aquel se volve a entullar (en ocasións prolongándose, chegando a haber unha diferenciación técnica nos paramentos) e se refai a parte destruída do túmulo. É de salientar como se teñen atopado outras reutilizaciones dunha época en que semella terse perdido a tradición do sistema de acceso, ao se acceder á cámara rompendo unha das súas lousas, logo de chegar a ela escavando no túmulo [Cura e mais outros 1992b: 274–275].




Figura 2. Localización dos principais xacementos citados no texto. 1- Serra Faladoira 86. 2- Abelleira 1 e 3. 3- Monte Pirleo 2. 4- Dombate. 5- Prado do Rei 3 e Pedra do Boi 3. 6- A Mina de Parxubeira. 7- Forno dos Mouros. 8- Cova da Moura. 9- Monte de Dorna. 10- Ídolo de Paredes de Abaixo. 11- Casotado Páramo. 12- Os Campiños 4 e 6. 13- Axeitos. 14- Chan de Armada. 15- Chan de Arquiña. 16- Ídolo de Alijó (dólmen K da Veiga de Perafita). 17- Madorras 1. 18- Cha de Parada 1.

embargo, o feito de apareceren estes accesos xa nos fala de que a tradición cultural existente cando a edificación dos monumentos precisa dunhas áreas exteriores e fronteiras á cámara sepulcral, permanentemente abertas moitas delas, que permiten a visión da porta da cámara sepulcral⁽¹¹⁾, e o acceso a ela sen dañar o túmulo.

2.- ELEMENTOS CONSIDERADOS

● Abelleira 1

Lugar: A Toxeira, Abelleira

Parroquia: Lousada

Concello: Xermade

Túmulo escavado durante a última quincena de agosto de 1970 [Bouza-Brey e outros 1973; Bouza-Brey 1992], intervención na que se estudaron outros dous túmulos da necrópole, todos eles moi próximos entre si; este fora escavado previamente polo departamento de edafoloxía da Universidade de Santiago para analizar a composición do paleosolo. A intervención reduciuse, dado o intenso estado de deterioro da cámara, a limpar esta e buscar restos dun posible corredor.

Arquitectura

Trátase dun túmulo de 22 m. de diámetro (26 m. por 1,80 de altura, segundo Pombo e mais Rego [1989/90]), que estaba composto de terra solta sen pedras.

A construción interna estaba moi destruída: debía ter orixinariamente sete ortostatos, dos que só conservaba catro (deles só sabemos a altura do maior, 2,40 m.); perdeu tamén a cuberta. O corredor estaba tamén moi destruído, pero, orientado a leste, conservaba o seu muro norte, cunha estructura en “mampostería seca” de pedras medianas; ainda que é difícil de asegurar, os seus escavadores pensan que non estaría cuberto, dado que non se atopou laxe ningunha nas proximidades.

Fábregas [1992] inclúeo no conxunto de dólmenes por el definidos como de corredor complexo pola aparición do murete de pedra, asimilándoo daquela á Casota do Páramo e mais Abelleira 3.

Material:

Lítico: Unha machada, un colgante, unha raspadeira, unha lasca, catro pezas de cuarzo cristalizado e un disco perforado .

Cerámico: Restos de, cando menos, tres vasos sen decorar, e mais dun outro, campaniforme, decorado con puntillado.

Todo o material recollido no monumento procede do corredor.

Observacións:

Nunha visita realizada en agosto de 1994 constatouse a inexistencia na actualidade de chanto ningún no monumento.

(11) Non sabemos se esta estaría libre ou permanecería pechada por unha laxe, tal e como foi atopada nalgúns monumentos escavados [ver más adiante].




Figura 3. Abelleira 1, planta e sección, segundo Pombo e mais Rego (1989/90).

● Abelleira 3 (Medona de Prado da Fonte)

Lugar: Abelleira

Parroquia: Lousada

Concello: Xermade

A escavación deste túmulo foi levada a cabo dentro da intervención que tamén afectou ao nº 1 da necrópole [Bouza-Brey e outros 1973; Bouza-Brey 1992]. Logo de liberar a cámara polo exterior (utilizando en primeiro lugar medios mecánicos), procedeu á escavación do interior desta e mais da zona do corredor.

Arquitectura

A mámoa tiña 28 m. de diámetro (24,50, por 2,20 de altura, segundo Pombo e mais Rego [1989/90]); estaba construída con terra e presentaba unha couraza superficial.

No seu interior púxose ao descuberto unha cámara poligonal, case de polígono unilateral⁽¹²⁾, pero un pouco tendente a regular, formada por sete esteios, calzados na súa base con pedras de máis de 30 cm. Presentaba un enlousado parcial da cámara con placas de granito irregulares, e a porta, aberta ao SE⁽¹³⁾, estaba taponada cun acúmulo de pedras grandes disposto do lado “camerular”, con terra negra carbonosa entre elas. O corredor, a continuación desta abertura, estaba perfectamente diferenciado en alzado, co muro norte realizado en “mampostería seca” de pedras medianas e pequenas, en tanto que o sur o formaban polo menos dúas lousas grandes rectangulares, dun metro de longo, lixeiramente imbricadas, e, supostamente, caídas.

Felipe Criado [Criado e mais outros 1986: 97] identificou o murete do lado norte do corredor do monumento co atopado por el na Casota do Páramo.

Material:

Da *cámara* proveñen dous anacos de senllos útiles pulimentados de corte inclasificables, sete prismas de cuarzo cristalizado, un fragmento de cristal de rocha e mais cinco anacos de cerámica, dous deles decorados con liñas incisas.

De entre as pedras que *obstruían a cámara*, dous anacos de campaniformes e, sobre aquelas, un fragmento de machada.

Do *corredor*, un anaco de cerámica liso e mais dous anacos de campaniforme, provintes estes últimos un a un dos mesmos vasos dos que procedían os atopados entre as terras que taponaban a entrada.

Ademais, no exterior da cámara apareceron dous prismas de cuarzo. Un disco perforado pertencente a este monumento foi recollido de forma casual con posterioridade á escavación.

(12) Denominación utilizada polo matrimonio Leisner [1951: 23–25] para un dos tipos de antas de corredor presentes en Reguengos de Monsaraz, caracterizadas por apresentaren unha das paredes da cámara recta, continuando a liña marcada polo corredor. Teño utilizado a tipoloxía establecida polos Leisner en Reguengos, mesturándoa coa definida por G. Leisner para o NO [1938] porque pensou que son as dúas que, postas en conxunto, mellor describen formalmente ao conxunto megalítico [Vilaseco 1995b].

(13) Segundo se sinala na figura, xa que no texto aparece exclusivamente como “leste”.




Figura 4. Abelleira 3, plantas e sección. A. Segundo Bouza-Brey e mais outros (1973).
B. Segundo Pombo e mais Rego (1989/90).

Observacións:

É de salientar a grande diferencia existente entre as dúas plantas que se teñen publicado deste monumento, xa non só nas medidas que se poden extraer delas [ver TÁBOA 1] senón, e sobre todo, na forma da cámara.

		Bouza-Brey e otros	Pombo e mais Rego
<u>Lonxitude do conxunto</u>		4,10*	4,70*
Cámara	Largura:	2,20*	1,15*
	Lonxitude:	2,30*	2,45*
	Largo do vano de entrada:	0,80	0,70*
Corredor	Lonxitude:	1,80*	2,25*
	Largo do vano de entrada:	0,70*	0,60*

TÁBOA 1. Comparación dos tamaños da cámara de Abelleira 3 segundo Bouza-Brey, Carro e García [1973] e Pombo e mais Rego [1989/90]. Todas as cifras seguidas dun asterisco foron tiradas das láminas das correspondentes publicacións; as demais son citadas expresamente polos autores.

Se ben a variabilidade entre a maioría das medidas pode achacarse a problemas de reproducción e escala (lembro que case todas foron obtidas a través da medición das respectivas figuras), existe unha, a largura da cámara, que non se pode deber a isto, xa que orixina unha forma totalmente distinta na planta da estructura: fronte aos 2,20 m. dados por Bouza e mais outros, cifra moi semellante á da lonxitude, en Pombo e mais Rego esta medida chega a ser o dobre da largura.

Esta variación é a determinante da aparición de plantas tan diferentes entre ambas as publicacións: a difundida na publicación orixinal corresponde a un monumento de cámara poligonal tendente a circular, cun corredor descentrado que continúa a liña recta marcada polaaxe septentrional da porta da cámara, polo que se achega ao polígono unilateral; a planta publicada 17 anos despois preséntase como un polígono unilateral pleno, cunha cámara moi alongada e co corredor perfectamente aliñado con ela. Resulta imposible explicar estas diferencias, e moito menos optar por unha delas como verdadeira, especialmente se temos en conta que durante unha inspección realizada ao lugar en agosto de 1994 a comprobación da forma do monumento se fixo impracticable debido á espesa capa de toxos que cubría a mámoa.

● Monte Pirleo 2

Lugar: Monte Pirleo ou Pelreo

Parroquia: Buriz

Concello: Guitiriz

Escavación levada a cabo na primeira quincena de setembro de 1972 [El Ideal Gallego 1972; Parga 1972] na que se interviron en 4 túmulos dun conxunto de sete presentes no Monte Pirleo⁽¹⁴⁾. Descoñécese que parte do monumento foi afectada pola intervención.

(14) Os datos desta escavación permanecen desgraciadamente inéditos. A información exposta procede dunha memoria apócrifa, segundo denominación de J. M^a Bello [1992/93: 143], que circula dende hai anos entre os investigadores galegos, así como das poucas referencias que existen publicadas sobre o monumento [García 1975; González 1976; Rodríguez 1991: 136].

rquitectura

Túmulo de 2 m. de altura; a súa forma é máis ben ovalada, co diámetro leste-oeste sensiblemente maior (20 m., por cerca de 17 o norte-sur). Estaba composto de terra e pedras soltas, e, ademáis, unha couraza de pedras o recubría cara ao exterior.

No seu centro atopábase unha anta de corredor indeferenciado en planta (en "V"), ainda que a cámara estabas perfectamente destacada en alzado. O conxunto, orientado ao SE, tiña un longo de 4,20 m. (2,60 x 2,10 para a cámara, por 1,60 x 1 no corredor). As laxes estaban apoiadas ainda nos seus calzos.

Senlos artigos que dan a coñecer o anaco de laxe soporte dun petroglifo atopado neste monumento [García 1975:496; González 1976: 60] mencionan que este apareceu entre os cachotes que obstruíán o corredor, e mesmo nunha das fotografías publicadas nun deles [García 1975: lam. V, 2] semella que este entullo, de considerable importancia, se estendía fundamentalmente por fóra del.

Material:

Lítico: unha machada, unha lasca, un disco perforado, dúas pedras con senllas cazoletas e mais un anaco dun petroglifo (combinación circular).

Cerámico: Numerosos fragmentos de, cando menos, cinco vasos lisos e outros cinco decorados (tres campaniformes, un con decoración incisa e outro con penteado). Ademais, un fragmento pertencente probablemente a un obxecto plano, con orificio central (¿disco de barro?).

O material apareceu nun absoluto estado de desorde (con cerámica mesmo por fóra da estructura megalítica), e existen poucas referencias sobre a súa localización: as dúas pedras con cazoleta foron atopadas no inicio do corredor "en posición non orixinal"; o anaco de petroglifo atopábase entre as pedras que taponaban o corredor.

Observacións:

O corredor presentaba dúas laxes do lado norte e unha soa do sur, o que para os escavadores é síntoma da desaparición da última laxe da parede meridional. Sen embargo, existe a posibilidade de que esta última laxe non teña existido nunca, respondendo así o conxunto a un tipo de cámaras existente en Galicia que presentan un corredor asimétrico no seu número de chantos (Chan de Armada, Chan de Arquiña e, se cadra, Os Campiños 6 [Vilaseco 1995b]). Estes monumentos adoitan ter en xeral un claro aspecto de cámara en funil, xa que o corredor é totalmente indiferenciado tanto en planta como en alzado, caracterizándose o conxunto polo estreitamento progresivo do conxunto cara á porta, ao tempo que se reduce a súa altura. Cómprase salientar, ademais, que se cadra fosen tres e dúas as laxes correspondentes ao corredor, pero debido ao carácter indiferenciado deste en planta, e a que as supostas últimas laxes da cámara estaban mutiladas en altura, resulta difícil asegurar se estas pertencerían a ela ou mais propiamente ao corredor. De ser isto último certo, a construción ainda se achegaría máis a esas cámaras asimétricas, que presentan un corredor formado por 3 e 2 laxes, coa salvaguarda de que naquelas o maior número de ortostatos se atopa no lateral sur, e non no norte como sucede en Monte Pirleo 2. De todos os xeitos, todas estas consideracións deben ser tomadas como meras especulacións de difícil comprobación cos coñecementos que temos na actualidade sobre o monumento.




Figura 5. Monte Pirleo 2, planta e sección da cámara,
segundo o informe inédito.

● ***Ídolo⁽¹⁵⁾ de Paredes de Abaixo***

Lugar: Paredes de Abaixo

Parroquia: Castro de Rei

Concello: Paradela

A dous metros dunha medorra existente na finca “Tras do lameiro novo”, situada nas inmediacións de Paredes de Abaixo e mais Espiño, foi posta ao descuberto polo arado a comezos dos anos vinte unha placa de granito decorada [Vázquez 1936].

Non coñecemos ningún dato sobre o túmulo que se atopaba nas súas proximidades, salvo que estaba a 40 m. dun *camiño real* que había nas proximidades, e que case non existía xa en 1936.

A placa en cuestión, de forma xeral rectangular, ten 32 cm. de alto, un largo variable entre 16 (parte superior) e 22 cm. (parte inferior), e un espesor de 4 cm.; trátase dunha laxe lixeiramente convada, correspondendo o que se vén denominando cara “frontal” coa parte cóncava.

Presenta unha decoraciónobre. Por un lado, unha serie de escotaduras en tres dos seus laterais, e por outro, unha serie de liñas gravadas. As escotaduras⁽¹⁶⁾ están presentes nun dos lados menores (no que se sitúa unha soa xusto no seu centro, que se prolonga preto de 6 cm. dentro de ambas as caras da peza), e nos dous lados maiores (nun número de tres en cada un⁽¹⁷⁾, situadas praticamente á mesma altura); a partir de dúas das escotaduras a peza estréítase de forma notable no que semella o seu tercio superior.

O gravado preséntase nambas as dúas caras da placa⁽¹⁸⁾. Unha delas, a que se adoitá considerar principal, está enmarcada por un rectángulo paralelo ao borde da laxe e separado deste entre un e tres centímetros; dentro del inscríbense, na parte que se corresponde coa máis estreita da peza, catro liñas horizontais; nun dos rectángulos así resultantes, o más achegado ao extremo, aparecen tres pequenas cazoletas⁽¹⁹⁾. A outra cara presenta unha figuración máis difícil de interpretar, pero que semella articularse tomando como base as escotaduras presentes nos laterais: senllas liñas curvas unen en cada un dos lados as escotaduras a partir das que se estreita a peza coas situadas no extremo inferior, trazando así dous arcos más ou menos simétricos que se introducen uns 4 cm. na superficie da laxe; unha liña horizontal, situada á mesma altura cá escotadura interme-

(15) Emprego o termo ídolo por comodidade lingüística, e por se atopar plenamente consolidado na bibliografía arqueolóxica, aínda que comparto as críticas que se lle teñen feito [Fábregas 1993: 88; Vázquez 1993/94: 50].

(16) Ningún dos autores que a publica [Vázquez 1936; Suárez, 1990] estuda con detemento estas escotaduras, e pola miña banda debo confesar que a descripción que segue a estou a facer a partir das fotografías que acompañan ao artigo, que me foron amablemente cedidas por Ramón Fábregas para a súa publicación. Queda constancia pública aquí do meu agradecemento.

(17) É posible que haxa unha cuarta, pero na foto da que parto non é ben visible.

(18) Tradicionalmente vense prestando moita máis atención á decoración dunha das súas caras, por mor da súa innegable apariencia antropomorfa, en tanto que é máis raro atopar descripcións ou fotografías da outra (de feito, só coñezo a da publicación orixinal [Vázquez 1936]).

(19) Bueno e mais Fernández-Miranda [1980: 462] fan referencia á existencia dunha serie de motivos dubidosos entre estas liñas horizontais, que son imposibles de apreciar na fotografía.

dia ás dúas anteriores, une estas dúas curvas; unha liña ligeiramente inclinada une as posibles cuartas escotaduras, atravesando a peza de lado a lado, ao tempo que dous trazos verticais a unen coa outra liña horizontal; unha última horizontal atravesa a rocha á altura da escotadura do lado menor, a menos de dous centímetros do borde.

3.- ANÁLISE DOS DATOS

Unha vez vistos os datos anteriores, a primeira observación que se pode facer é sinalar a escasa información que temos de cada un dos monumentos incluídos no referente aos posibles accesos. Recapitulemos un pouco.




Figura 6. Ídolo de Paredes de Abaixo. Cara anterior.




Figura 7. Ídolo de Paredes de Abaixo. Cara posterior.

As dúas mámoas de Abelleira presentan unha problemática interesante. Ambas as dúas foron consideradas tradicionalmente como posuidoras de antas de corredor, coa peculiaridade de apresentaren un dos seus lados construído con cachotería, imaxe da pobreza do megalitismo galego. Curiosamente nunca teñen sido comparadas con monumentos existentes noutras zonas da Península Ibérica que presentan partes do corredor construído en cachotería (anta 2 dos Gorginos, Reguengos de Monsaraz [Leisner e mais Leisner 1951: 308]; antas de corredor catalanas [Cura e mais outros 1992b: passim]); atendendo a estes paralelos poderían ser consideradas de feito como antas de corredor,

pero suprimindo toda idea que pensase na escasez de material ou de man de obra como orixe da súa estructura⁽²⁰⁾.

Coa escavación realizada na Casota do Páramo foron asimilados ao murete aparecido neste último xacemento [Criado e mais outros 1986: 96; Fábregas 1992]. Esta comparación pode non parecer acertada se temos en conta a existencia dos datos anteriormente sinalados, pero, se analizamos a sección que publican Pombo e mais Rego de Abelleira 3 [1989/90: 25] podemos ver a grande diferenza de altura que existe entre este corredor e mais a cámara: o que para os escavadores son laxes deitadas [Bouza-Brey e mais otros 1973: 49] semellan más ben pedras de pequeno porte, configuradoras dun corredor non cuberto, que ben pode ser interpretado como acceso. De todos os xeitos, hai que salientar que nesa mesma sección se pode ver que seguimos sen cofiecer como se realizaba a comunicación entre o fin deste pequeno corredor descuberto e mais o exterior, dado que esa zona se atopa sen escavar.

Como dato a maiores, os seus escavadores infórmannos de que este monumento presentaba un entullo de pedras “do lado camerular” [Bouza-Brey e mais otros 1973: 49] que separaba a cámara poligonal do que vén de ser redefinido como un acceso des cuberto. Con isto, este xacemento semella enfocarse ás antas de corredor, habitualmente pechadas cara ao exterior deste último elemento⁽²¹⁾, o que apoia aínda máis a interpretación de acceso para a estructura que nel coñecemos.

Segundo todo o anterior, podemos entender daquela o conxunto de Abelleira 3 como unha cámara poligonal de grande porte⁽²²⁾, ao parecer pechada por unha morea de pedras, que presenta un acceso do que descoñecemos a súa forma máis exterior, pero que ten a parte inmediata á anta flanqueada cun murete de cachotería do lado norte e con laxes de pequeno porte do sur.

Para Abelleira 1 os datos son menores, e se nos fiamos do diario de escavación de Fermín Bouza-Brey [1992], semella que nun principio únicamente se atoparon unha morea de pedras a carón dos chantos conservados da anta⁽²³⁾, sendo reinterpretados

(20) Cóstame aceptar que unhas persoas que tomaron a molestia de trasladar nove lousas de grande tamaño para erixir unha sepultura deste tipo decidan de repente que non están capacitadas para trasladar dúas máis, precisamente dúas do corredor, as de menor tamaño; se non o fan é, para mim, por unha razón intencionada, ben porque desde un punto de vista ritual a construción ficaba igualmente conclusa coa erección dun murete no lugar da instalación de chantos, ben por unha necesidade de rematar canto antes a construción (necesidade de xunto á que, de todos os xeitos, ten que estar presente a primeira idea). Evidentemente, pode haber outras explicacións de tipo convxntural, como a diminución repentina da poboación constructora (fáimes, andazos, conflito bélico,...) que nos son imposibles de valorar.

(21) Serra Faladora 86 [Maciñeira 1974: 114–119], Dombate, Prado do Rei 3, Os Campiños 6, Chan de Arquiña [Sobrino 1954/55], Chan de Armada [Peña e mais Rodríguez 1976:61], mámoas 1 e 10 de Alvão [López Cuevillas 1980: 60], Madorras 1, e, se cadra, A Mina de Parxubeira e mais A Casota do Páramo. Nesta última considero que a lousa que o seu escavador atopou na cata realizada xusto diante da entrada do corredor [Criado e mais otros 1986: 43–45; figura 7], interpretada por el como a laxe occidental deste, podería ser, dada a súa posición, a porta de peche do monumento. Só unha escavación más ampla poderá confirmar cal quera destas hipótesis.

(22) Semellante así á anta de Carapito 1 [Cruz e mais Vilaça 1990] e á que J. M^a Bello ten proposto para Dombate ante a posibilidade de que o corredor do monumento teña sido froito dunha ampliación da tumba [1994: 301].

(23) El fala de “morea de pedras que existe cara ao leste sin formar unha estructura”.

como murete logo da escavación da mámoa nº 3; é por iso que as referencias desta escavación non poden servir para fundamentar un estudio, aínda que si poden ratificar datos doutros xacementos.

Monte Pirleo 2 presenta se cadra máis problemas á hora de considerarmos a existencia dun acceso no mesmo, principalmente por tratarse dun xacemento inédito. O feito de que no seu interior se puxera ao descuberto unha anta de corredor, e a aparición en anos recentes de estructuras de entrada en todos os monumentos deste tipo que se teñen escavado faría esperar isto. Dado que non coñecemos a superficie do monumento que foi intervista coa escavación resultanós difícil facer unha afirmación neste sentido. Sen embargo, o entullo sinalado na fin do corredor, do que se extraiu a laxe co petroglifo exento [García 1975; González 1976] semella asimilar o monumento con outros noroccidentais que presentan un peche intencional cara ao exterior⁽²⁴⁾, especialmente a aquelas que non posúen unha laxe a xeito de porta, senón un simple entullo de pedras (Os Campiños 4 e 6, Madorras 1, a xa citada Abelleira 3, e se cadra Chan de Armada).

Finalmente queda o problema do ídolo de Paredes. Supoño que a algúns lectores terá estraiado a inclusión desta peza dentro dun listado de datos sobre posibles estruturas de acceso tumulares da provincia de Lugo. Efectivamente, nos últimos anos vense aceptando a relación desta peza con outra serie de representacións coñecidas no resto da Península Ibérica e atribuíbles a unha época posterior á do desenvolvemento do megalitismo pleno [Fábregas 1992: 188].

Para mi existen, sen embargo, unha serie de características que a afastan un tanto deses supostos paralelos. En primeiro lugar, o marcado carácter escultórico da peza de Paredes, ausente en todas aquellas figuras exentas coas que é comparada, que presentan máis ben unha silueta esteliforme, mentres que o aspecto antropomorfo é aportado pola figuración da que son soporte (Crato e Nosa Senhora da Esperanza [Bueno e mais Fernández-Miranda 1980: lam. 7]). Este matiz vese incrementado porque o de Paredes é o único que ten decoración nambas as caras da peza.

Desde un punto de vista puramente iconográfico, o ídolo lucense non se presenta absidiado na parte que se correspondería coa cabeza, tal e como sucede no resto das pezas (ás citadas anteriormente habería que engadir aquellas representadas sobre un soporte maior có da propia figura, como son Peña Tú (Asturias), Tabuyo del Monte (León), e Sejos I e II (Cantabria) [Bueno e mais Fernández-Miranda 1980; Almagro-Gorbea 1993]); tampouco posúe unha decoración tan barroca como a que aparece nelas: só as figuras de Sejos amosan unha austerdade comparable á de Paredes, diferenciándose sen embargo desta última en que posúen varios trazos concéntricos a marcaren o seu contorno, e mais na presencia de liñas horizontais ocupando todo o corpo das mesmas (o mesmo sucede en Peña Tú e mais Tabuyo del Monte), e non únicamente na súa metade superior.

Se analizamos agora a placa de Paredes de Abaixo dentro do contexto das representacións de bulto redondo e outros obxectos cultuais [Fábregas 1992: 170–198] do

(24) Ás antas de corredor citadas más enriba habería que engadir Abelleira 3, Pedra do Boi e Os Campiños 4. Este último é un xacemento inédito e os datos que manexo provéñen do informe apócrifo que circula dende ahí anos entre os investigadores galegos; unha discusión completa pódese atopar en Vilaseco 1995b.




Figura 8. Representacións tipo Peña Tú. A. Ídolo de Peña Tú. B. Ídolo de Tabuyo del Monte. C. Ídolos de Sejos. D. Ídolo de Esperança. E. Ídolo da Crato. (A, D, E segundo Bueno e mais Fernández-Miranda 1980; B, C segundo Almagro-Gorbea 1993. Ningún dos debuxos orixinais presentaba escala).

mundo megalítico noroccidental atopamos unha serie de coincidencias moi interesantes. Por un lado, a presencia de escotaduras nos bordes da peza, que o asemellan a certos ídolos de tipo Argalo ao situárense de forma praticamente simétrica nos seus lados maiores, ainda que se separa deles por non telas restrinxidas ao tercio superior da laxe⁽²⁵⁾, e por aparecer unha más nun dos lados menores. O carácter escultórico ten os seus paralelos nos denominados por Fábregas “ídolos antropomórficos”⁽²⁶⁾ (se ben é certo que estes presentan xeralmente unha feitura más tosca), e, sobre todo, no ídolo de Alijó [Fábregas 1992: 177]. Esta última figura amosa unha serie de características que a relacionan co ídolo de Paredes⁽²⁷⁾: o feito de estar realizada sobre unha placa á que se deu esa forma *ex profeso*, cos contornos plenamente traballados; a sección aplanada; a presencia dun surco paralelo ao contorno da laxe (aínda que na placa de Alijó presente nambas as caras da peza); a existencia de figuración nas súas dúas frontes; a presencia de escotaduras no lado menor que semella a base (en distinto número); e as escotaduras que marcan o corpo superior. Sepáraos, sen embargo, o forte pulimento presente na peza portuguesa. Finalmente, un elemento máis, as proporcións do ídolo de Paredes, que parecen comparables tanto coas da placa de Alijó como coas dos ídolos antropomorfos atopados en Dombate e A Mina de Parxubeira.

Pódese aducir, ante estas comparacións, que os denominados ídolos antropomorfos non presentan decoración na súa superficie. Sen embargo, ao exemplo xa citado de Parxubeira, que presenta unha serie de acanaladuras nunha das súas caras, pódese engadir un máis, o dun ídolo atopado nunha mámoa destruída na zona fronteiriza entre Minho e Trás-os-Montes; esta peza, cunha silueta que lembra a unha das *estelas* de Parxubeira⁽²⁸⁾, aínda que de pequeno tamaño, presentaba dúas cazoletas no tercio superior dunha das súas caras, dispostas ao xeito de *ollos* [Castro 1996].

O feito de que o ídolo de Paredes sexa un achádego casual fai que estea aberto a toda serie de interpretacións. A súa aparición a só dous metros dunha mámoa faíme reivindicar a súa filiación megalítica⁽²⁹⁾, polo menos con tanto derecho como se ten sinalado para o ídolo de tipo Argalo atopado nas proximidades do dólmen de Axeitos [Fuente e mais Fábregas 1988/89]; aínda que, como xa sinalou Suárez [1990], isto non signifi-

(25) Cómpre salientar, de todos os xeitos, que esta non é unha característica constante, e nalgúnha das figuras de Dombate estas escotaduras chegan a ocupar a metade do canto rodado de partida, cando non se sitúan praticamente na súa parte media. Na peza de Paredes existe un elemento que si aparece restrinxido ao seu tercio superior da representación, o estreitamento da laxe de soporte, e outro que se limita a unha das súas metades, as liñas horizontais dunha das caras da figura grabada.

(26) Dúas das *estelas* da Mina de Parxubeira presentan ademais a parte superior más estreita có rsto do corpo da peza, estando separada deste por dous ombros rectos, ao xeito dos presentes na nosa placa, aínda que moito más marcados [Rodríguez 1989: fig. 22 e 25]. Ademais, unha delas presenta algunas acanaladuras, aínda que de interpretación moi difícil.

(27) Relación que xa fora posta de manifesto por E. Shee [Fábregas 1992: 128].

(28) Rodríguez 1989: fig. 23.

(29) Mesmo que se dubide da argumentación estilística que teñido feito, e se siga a defender a súa relación coas figuras de tipo Peña Tú, hai que lembrar que Menéndez atopou nun túmulo das Sierras Planas asturianas unha posible estela cunha decoración semellante á este tipo de representacións [Bueno e mais Fernández-Miranda 1980: 453].

que concretar a súa cronoloxía, por mor da amplitude cultural que presenta o fenómeno tumular en Galicia. De todos os xeitos, e ante o exposto máis enriba, penso que podemos incluíla dentro dos obxectos cultuais que son atribuídos por Fábregas [1992: 178 e seg.] dunha forma xenérica ao III milenio a. C. De feito, a convención de elementos dos ídolos tipo Argalo e antropomorfo (similares proporcións, escotaduras situadas de forma simétrica nos laterais maiores da peza, tratamento por igual das dúas caras, estreitamento do tercio superior da laxe, lugar que se reserva ademáis para un tipo de decoración) con outros do de Alijó (sección aplanada, regularización da laxe de partida, surco paralelo ao contorno da peza, escotaduras na parte basal) fai pensar nun tipo de representación propio da Galicia interior⁽³⁰⁾ contemporáneo das outras dúas, más que nunha evolución serodia desde estes últimos, como se ten proposto algunha vez [Suárez 1990].

O seu achádego no entorno inmediato dun túmulo podería indicarnos a posibilidade da extensión das soleiras⁽³¹⁾ de idoliños existentes nalgúns dólmenes de corredor costeiros (Dombate, A Mina de Parxubeira, Cova da Moura) cara ao interior de Galicia. Sen embargo, isto non ten porque ser exactamente así, dado que pode responder a outro diverso tipo de pezas, con forma de placas, atopadas no norte de Portugal e que non se asocian necesariamente cos accesos dos monumentos [Fábregas 1992: 188–190]⁽³²⁾. O descoñecemento que temos na actualidade do mundo megalítico noroccidental non nos permite precisar moito máis⁽³³⁾.

4.– OS DATOS E O SEU CONTEXTO: LUGO E O NOROESTE

Se pasamos a examinar agora os datos anteriormente expostos desde a perspectiva do megalitismo noroccidental, e particularmente en relación cos das estruturas de acceso coñecidas, atopamos unha serie de tendencias que, aínda que moi xerais, semellan ser coincidentes co resto do territorio. De todos os xeitos, debido ao escaso número de mámoas nas que se teñen atopado indicios da presencia dun acceso, as conclusóns que se quiten dunha análise das mesmas de ningunha maneira poden ser concluíntes, nen se quera representativas do fenómeno no noroeste. Se só temos en conta o número de mámoas coñecido na actualidade na Comunidade Autónoma galega, o estudio de a penas un par de ducias de sepulturas é unha proporción ridícula. Se, ademáis, observamos como se distribúen estes xacementos polo territorio noroccidental, vemos como a inves-

(30) Na liña da interpretación que dá Fábregas [1992: 189] ao ídolo de Alijó e outras placas aparecidas en túmulos do norte de Portugal, aínda que diferenciándose delas.

(31) Utilizo aquí a palabra soleira co sentido literal que lle outorga o diccionario, “*parte inferior do oco dunha porta*”, xa que a fileira de idoliños semella funcionar, a nivel estructural dentro do monumento, como a parte inferior da “porta” ou principio da mámoa.

(32) Estas pezas son a xa citada placa de Alijó, atopada no interior dun dólmen de corredor, e mais as dúas placas cadranulares de Pena Mosquera 3, unha delas con senilos surcos perimetrais pegados aos bordes de ambas as dúas caras.

(33) Avogar constantemente ao descoñecemento que temos do mundo megalítico noroccidental para aceptar todas as posibilidades como válidas pode converterse nun caixón de sastre (se cadra mellor *desastre*), pero é unha triste realidade que temos que afrontar cada vez que comparamos o escaso número de xacementos escavados coa posibilidade, cada día máis que probable ante o aumento das prospeccións, de que só na nosa comunidade autónoma o número de túmulos se achegase en orixe aos 10.000.

tigación está totalmente sesgada, cunha sobrerepresentación dos xacementos occidentais costeiros [FIGURA 2], concentrados en tres zonas: Costa da Morte/Xallas, A Barbanza e O Morrazo; desta rutina escapan a penas uns poucos xacementos: un na costa norte, os catro da provincia de Lugo estudiados aquí, outro na Galicia central e dous no norte de Portugal; ningunha mámoa con acceso se coñece na provincia de Ourense.

Esta situación de franco descoñecemento dos accesos das provincias do interior galego non deixa de ser unha mostra máis do estado actual da investigación sobre o megalitismo en xeral, centrado desde hai moitos anos nas provincias da Coruña e Pontevedra, especialmente nas zonas costeiras, con algunas excepcións como a Terra Chá en Lugo, ou as zonas estudiadas por Cuevillas en Ourense⁽³⁴⁾. Esta circunstancia tense acrecentado nos últimos anos, co desenvolvemento de numerosas excavacións na zona costeira, ao contrario do sucedido no norte de Portugal, onde o aumento das escavacións de mámoas na costa ten sido acompañado do desenvolvemento doutras intervencións na zona de Trás-os-Montes.

Tendo en conta estas consideracións de provisionalidade, podemos sinalar, como primeiro punto de interese, o feito de que este tipo de estructuras de acceso non sexan exclusivas, cando menos en Galicia⁽³⁵⁾, das antas de corredor. Pero, de feito, non só se coñecen accesos en sepulturas sen este elemento, como non cabía menos se partimos do probable carácter de sepulcros colectivos de moitas delas, senón que ademais as formas que teñen aparecido nuns e outros monumentos son moi similares entre si⁽³⁶⁾: o pozo de acceso de Dombate antigo [Bello 1992/93 e 1994], practicado desde a parte alta do túmulo cara á camára (de forma poligonal alongada), semellante ós construídos durante a reutilización campaniforme de Dombate recente [Bello 1994; Alonso e mais Bello 1995] e mais Forno dos Mouros [Criado e mais Vaquero 1991]; o corredor intratumular da mámoa de Pedra do Boi 3 (Dumbría. A Coruña) [M. Lestón, com. pers.], en todo semellante ao de Campiños 6; o presente en Monte de Dorna (Taragoña, Rianxo) [A. Filgueiras, com. pers.], que, aínda que só se coñece un lateral do mesmo⁽³⁷⁾, parece asimilarse ao de Prado do Rei 3; e os muretes de mampostería seca a continuación da porta do monumento, cara ao exterior, aparecidos tanto en Casota do Páramo [Criado e mais outros 1986] como en Abelleira 3 e, probablemente, Abelleira 1.

Estes parecidos entre as antas con e sen corredor maniféstanse tamén na constante presencia de peches nos monumentos, xusto na súa porta e exteriormente a ela: en seis casos apareceu unha laxe, selada cara ao exterior por un entullo de pedras, taponando a

(34) A figura 1 de Fábregas 1992 é un bo expoñente da situación a este respecto.

(35) Non coñecemos ata o momento estructuras de acceso en monumentos sen corredor do norte de Portugal; se cadra a constante tendencia dos escavadores a practicar zanzas de sondeo transversais aos túmulos, dun largo reducido, nos ten privado ata o momento de atopalas.

(36) Evidentemente existen peculiaridades, como a xa citada pasarela de madeira que servía de acceso a unha das mámoas de Illade (As Ponte, A Coruña) [Vaquero 1995: nota 9; e com. pers.].

(37) A intervención só afectou aos 6 m. do extremo do túmulo que ían ser afectados pola construcción da Vía Rápida de Barbanza.

porta da estructura megalítica⁽³⁸⁾, tres máis deste tipo son dubidosas⁽³⁹⁾, e noutros seis casos o entullo aparece directamente bloqueando a porta, sen laxe de por medio⁽⁴⁰⁾. A existencia deste numeroso grupo de cámaras seladas intencionalmente fálanos de que estes actos non eran ocasionais, e que, chegado un momento na súa utilización como tumbas, estas deixaban de ser útiles como tales, procedendo á súa clausura definitiva. O caso máis espectacular dos coñecidos é o de Dombate antigo, onde o peche do pequeno monumento parece vir acompañado da construción sobre o mesmo da grande anta de corredor que hoxe é visible, áinda que se conservou a lembranza do previamente existente na irregularidade da planta do túmulo daquela.

Os datos da provincia de Lugo apuntan ademáis a posibilidade de que as soleiras formadas por fileiras de idoliños fincados de pé na entrada do acceso, ao xeito das atopadas en Dombate, A Mina de Parxubeira e Cova da Moura⁽⁴¹⁾, non sexan exclusivas das antas de corredor da zona costeira [Fábregas 1993: 99].

Polo que sabemos ata o de agora, semella que as ringleiras de idoliños aparecen só en monumentos de corredor⁽⁴²⁾. De feito, a distribución coñecida das estructuras con soleiras de idoliños más ou menos antropomorfos coincide en xeral coa zona noroccidental da provincia da Coruña, onde se teñen salientado unha serie de caracteres formais que apuntan cara á existencia dunha tradición rexional propia durante o megalitismo [Vázquez 1991/92: 182]. Se isto fose certo, as soleiras de idoliños serían unha expoñente máis desta tradición rexional que a diferenciaria doutras zonas. Con todo, cómpre lembrar que unha das catas realizadas na Casota do Páramo incidiu nunha zona exterior do túmulo onde adoitan colocarse este tipo de soleiras⁽⁴³⁾; o feito de que non apareceran datos deste tipo, e isto pese a que segundo o escavador se localizou o extremo do túmulo, pode indicar, con todas as reservas que deben acompañar á interpretación dunha sondaxe, que este tipo de estructuras non son xeralizables a todas as grandes antas da zona.

Ademáis, teñen aparecido noutros puntos do noroeste peninsular ídolos do mesmo tipo cós atopados nos accesos dos monumentos coruñeses (As Forcadas, Cangas; mámoa da Touta, Baião) [Fábregas 1993: 93]. Cómprase salientar, sen embargo, que en ningún caso fóra da área antes descrita se teñen atopado fileiras de idoliños semellantes ás pre-

(38) Serra Faladoira 86, Dombate recente, Prado do Rei 3, Chan de Arquiña, mámoas 1 e 10 de Alvão.

(39) A Mina de Parxubeira, A Casota do Páramo e Chan de Armada.

(40) Ademais de Abelleira 3 e Monte Pirleo 2 (este último dubidoso), son Forno dos Mouros, Os Campiños 4 e 6 e Madorras 1.

(41) Nestes monumentos o acceso consiste nun corredor descuberto, probablemente empedrado, formado pola interrupción da couraza por diante do corredor. Na súa parte exterior existía unha fileira de idoliños postos de pé, situados nun arco que continuaba a liña formada pola base da couraza no resto da mámoa; en Dombate, ademais, estes ídolos estaban situados ao xeito de "perfil" dun chanzo que dá paso ao pavimento do acceso [Alonso e mais Bello 1994; Rodríguez 1989; M. C. García Martínez, com. pers.].

(42) Esta afirmación, sen embargo, haina que considerar áinda con todas as cautelas que supón que só coñézamos ata o de agora catro accesos completos para sepulturas que non pusúen este elemento. Puidera ser, por exemplo, que Abelleira 3, interpretado máis enriba como un monumento de cámara sen corredor ao que se adosa un acceso cos laterais construídos con laxes deitadas ou cun murete de mampostería, posuise unha soleira de idoliños, xa que a zona máis exterior do acceso áinda non foi escavada.

(43) Criado e mais outros 1986: cata B, figura 8.




Figura 9. Ídolos megalíticos do Noroeste. A. Ídolo tipo Argalo de Dombate. B. Ídolo antropomorfo da Mina de Parxubeira. C. Ídolo de Alijó. (B segundo Rodriguez 1989; C segundo Fábregas 1992).

sentas nela; e isto pese á escavación en datas recentes noutras zonas do noroeste de monumentos de corredor (Chã de Parada 1 [Jorge e mais Bettencourt 1988], Madorras 1 [Gonçalves e mais Cruz 1994] ou a mámoa de Afife [Silva 1988]).

A existencia neste contexto do achádego do ídolo de Paredes de Abaixo podería indicarnos a extensión das soleiras de idoliños cara ao interior de Galicia, dato ao que habería que engadir o ídolo citado anteriormente [Castro 1996] atopado nunha mámoa da zona fronteiriza entre Minho e mais Trás-os-Montes, que procedía ao parecer da zona onde debería estar o corredor. O feito de que a peza lúxense se trate dun elemento descontextualizado non nos permite adiantar máis nada; a súa estética, un tanto ecléctica entre as placas de tipo Alijó e mais os idoliños atopados xeralmente en soleiras dolménicas, nos pode estar a falar dun tipo de elementos relacionados con estes pero patrimoniais do interior de Galicia. A súa presencia a dous metros dunha mámoa nos pode falar da súa procedencia tumular, e, se cadra, da súa posición orixinal nun acceso⁽⁴⁴⁾.

Hai uns anos, cando áinda os accesos empezaban a darse a coñecer, Criado e mais Fábregas [1989: 54] fixeron un exame do que eles denominaban *enfrontamento* entre a soleira e mais o espacío interior dos monumentos megalíticos, segundo o cal unha serie de sepulturas de pequeno porte carecería de entradas, ou as tería de escasa entidade, estando portas e corredores ocultas dentro do túmulo; fronte a elas, unha serie de cámaras abriríanse cara ao exterior mediante o desenvolvemento de accesos que chegarían ao cumio co florecemento de longos corredores e adros ou accesos complexos fronte a eles.

Desde o meu punto de vista, esta hipótese gozaba de certa premura, dado que no momento a penas se coñecían 3 accesos de forma más ou menos exhaustiva. Ademais, reflexábase nela un certo simplismo, ao concibir únicamente estructuras de acceso grandes para monumentos de porte considerable, especialmente antas de corredor, cando isto só é así en tanto que xeralmente estas presentan túmulos de maior tamaño (e, polo tanto, nelas o espacío aberto para practicar o acceso será, potencialmente, más grande). A existencia de accesos más ou menos complexos non se ten porque corresponder co volume do monumento, senón coas tradicións, crenzas e/ou necesidades das xentes que o constrúen. O exemplo de Prado do Rei 3 [M. Lestón, com. pers.], mámoa de a penas 11 m. de diámetro por 1 de altura pode ser representativo do que levo dito ata aquí: o seu acceso, en forma de V aberta cara ao exterior do túmulo, é de proporcións considerables en relación ao tamaño do conxunto (superior a 2,5 m. de largo no límite da mámoa), podendo consideralo como unha estructura más que complexa⁽⁴⁵⁾. Desgraciadamente, non apareceu nada de material nela, o que non significa que non teña existido, nin que, cando aparece, poidamos falar directamente de utilizacións rituais do mesmo.

(44) Desgraciadamente non coñecemos as características do tumulo a carón do cal se atopou; se este tivese sido unha anta de corredor probablemente esta teoría xa tería sido exposta algún tempo antes.

(45) Presenta un dobre peche: por un lado, na cámara, cunha laxe entullada por fóra con pedras más pequenas; polo outro, no propio acceso, cunha morea de pedras que case o facía indistinguible do resto da couraza; ademais un dos seus laterais prolongábase alén do túmulo ata entrar en contacto cunha pequena mámoa en forma de cairn (a número 2 da necrópole), que estaba situada moi próxima a ela.

É certo que a existencia de estructuras de acceso de tipo aberto rematadas por unha soleira de idoliños semella ser en Galicia un tipo de construcción exclusiva das grandes antas de corredor; sen embargo, cómpre advertir que, analizados por separado, ambos os termos (acceso abierto e soleira) non son privilexio destes monumentos: existe o acceso abierto de Prado do Rei 3, aínda que un tanto diferente aos aparecidos en antas de corredor, coa súa forma de “V” aberta cara ao exterior do túmulo; e, para os ídolos, os cantos rodados, algún probablemente retocado, atopados pousados sobre a couraza por diante do corredor intratumular de Pedra do Boi 3⁽⁴⁶⁾ [M. Lestón, com. pers.].

Dende o meu punto de vista, e á falta de máis datos que apoien a investigación, penso que non debemos pechar a posibilidade de que monumentos de pequeno porte con cámaras poligonais simples posúan accesos desenvolvidos. A necesidade destes espacios non é algo meramente funcional, como xa teñido apuntado máis enriba, senón que entra dentro do mundo simbólico e das *necesidades* do ritual de enterramento daquelas xentes, que pouco ten que ver, dun xeito directo, co seu desenvolvemento económico, o grao de complexidade social acadado, ou a súa capacidade para ergueren sepulcros de grande tamaño: a complexidade ritual, por moito que se nos queira vender o contrario, non é necesariamente maior por existiren monumentos más grandes, nin cómpre de máis de 500 anos de desenvolvemento da idea “*megalítica*” para ser acadada.

¿Cal é o significado simbólico destas estructuras de acceso? Alén do puramente práctico, a súa presencia nos indica que hai unha intención consciente por parte das poboacións constructoras de practicar enterramientos continuados dentro deses monumentos, é dicir, de que eran concibidos desde un principio como auténticas tumbas colectivas.

Pero ademais existen unha serie de túmulos nos que é posible ver unha función ceremonial para estas estructuras: o cambio do simple pozo de acceso de Domate antigo ao amplio corredor descubierto que dá paso ao Dombate recente e outros grandes monumentos é sustancial, mesmo se aceptamos que este tipo de accesos complexos non son exclusivos das antas de corredor, e sexa posible, como antes teñido exposto, a súa presencia en monumentos más pequenos. A súa construcción semella indicar un aumento da complexidade dos rituais de paso (cara á morte), exemplificados fundamentalmente na fileira de idoliños que era necesario franquear en certos monumentos para proceder ao enterramiento do defunto, aínda que tamén poden ser o punto culminante dun ritual cada vez más abierto e colectivo, do que serían paradigma as áreas abertas e exteriores ao monumento nas que se depositarían ofrendas aos defuntos.

Resulta difícil asegurar a deposición de ofrendas dese tipo en monumentos do noroeste, tal e como parece que teñen sido localizadas na Beira Alta [Cruz 1995], o que non significa, porén, que non teñan existido. Curiosamente, os xacementos para os que temos datos más claros sobre deposicións rituais son uns dos que presentan un acceso “menos desenvolvido”, Campiños 6 [Fábregas e mais Fuente 1991/92] e mais Pedra do Boi 3 [M. Lestón, com. pers.]. No primeiro monumento apareceron un vaso de cerámica

(46) Desgraciadamente, a existencia dunha raíz neste punto impidimos asegurar a posición orixinal destas pezas; sen embargo, e dado o feito de estaren situadas sobre a couraza existente por fronte ao acceso, cabe pensar que esta fose horizontal.

ca esnaquizado e mais unha punta sobre o anaco de couraza que se desenvolve por dian-te do acceso. En Pedra do Boi, mámoa cunha estructura de entrada tremenda mente seme-llante á dos Campiños, foron atopados tamén abundantes restos cerámicos, probable-mente dun único vaso, nunha posición moi similar á deste último xacemento; é tamén nesta zona, o treito de couraza que pecha por diante o acceso, onde se recollerón os cantos rodados antes citados. Todo este material semella indicarnos unha utilización ritual dos accesos, coa deposición de diversos enseres, se cadra cun carácter de ofren-da, no momento do seu peche ou nun momento non demasiado posterior.

A constante presencia de peches intencionais dos monumentos apunta a idea de que a vida útil destes como tumbas (por outra banda *curta* —300 anos— segundo as interpretacíons feitas das datacóns radiocarbónicas [Cruz 1995]), chegaba ao seu fin dun xeito consciente para aos constructores, que decidían proceder (e precisaban reali-zar) o seu selado definitivo a través dun ritual no que semellan estar envolteitos o lume e/ou o fume (cando menos en Dombate e nalgún dólmen da Beira Alta [Cruz 1995]).

Claro que tamén é posible que as cámaras estivesen permanentemente pechadas por portas e entullos, que só se retirarían cada vez que se necesitase proceder a reali-zar un novo enterramento⁽⁴⁷⁾. Con isto, as estructuras de selado que atopamos cando escavamos non serían más que un máis destes constantes peches, sen podermos defini-nir se as ceremonias cambiarían na súa última utilización, ou mesmo se esta era real-mente consciente, correspondendo realmente o entullo que atopamos na escavación cun peche máis, feito coa esperanza de facer unha nova utilización da tumba que nunca se chegaría a realizar. Con isto, existe a posibilidade de que os accesos estivesen cubertos a maior parte do tempo, co que o eventual uso ritual dos mesmos quedaría restrinxido únicamente ao momento de deposición dos defuntos, ficando daquela redu-cido (senón eliminado) o carácter de *templo adicado aos antepasados* que ás veces se outorga ás tumbas.

Desde o punto de vista ideolóxico, o feito de estos monumentos se abandonaren rapidamente, en a penas 300 anos, amósase como un indicador de que as poboacións constructoras de túmulos non son, pese a realizaren este tipo de construccíons ao longo de máis de dous milenios, unha sociedade estancada e carente de evolución interna. O sepulcro colectivo ao que se accede a través destas estructuras péchase en pouco tempo, dando paso, ata o que sabemos, a formas de enterramento *menos colectivas* e cunha concepción menos aberta do ritual funerario.

Poida ser, entón, que eses sepulcros con accesos complexos non sexan outra cousa que un producto do que Clastres definiu xenialmente como *a sociedade contra o estado*, unha especie de *potlach* megalítico co que o grupo social, consciente da posibilidade da súa división, manifesta cara ao exterior o seu carácter indiviso [Criado 1989: 91], imaxe incrementada aquí polo propio carácter de tumba colectiva dos monumentos. Ou todo o contrario, o desenvolvemento dos rituais “máis colectivos” pode ser a forma que ten ese poder emerxente de disimular a súa aparición, rituais que poderá eliminar (e pechar por conseguinte o monumento de forma definitiva) unha vez que estea consolidado⁽⁴⁸⁾. Ou

(47) Esta situación é a que se dá, ao parecer, nos megalitos de Madagascar [Scarre 1989: 37].

(48) Criado [1989: 92] teno definido como “un discurso contra o poder ou a favor del “

poida mesmo que ningunha destas teñía a súa razón de ser, e que os rituais da morte non fosen tan importantes como nós pensamos na configuración da estructura ideolóxica das poboacións que construíron os túmulos do noroeste, pese a seren estas sepulturas case o único vestixio que nos teñen legado aos que lles sucedimos no territorio que un día habitaron.

Pero evidentemente, todo isto non deixan de ser hipóteses de traballo que só co aumento das escavacións arqueolóxicas en túmulos da zona poderán chegar a ser contrastadas algún día.

BIBLIOGRAFÍA

Almagro-Gorbea, M.

1993 Les steles anthropomorphes de la Péninsule Ibérique. En Briard, J. e mais Duval, A, (ed.) *Les représentations humaines du Néolithique à l'Age du Ferre. Actes du 115º Congrès National des Sociétés Savantes (Avignon, 1990)*. París, Editions du comité des travaux historiques et scientifiques, paxs. 123–139.

Alonso Matthías, F. e mais Bello Diéguez, J.M.

1995 Aportaciones del monumento de Dombate al megalitismo noroccidental: dataciones de Carbono 14 y su contexto arqueológico. [Actas do 1º Congreso de Arqueología Peninsular (Porto, 1993), vol. VII] *Trabalhos de Antropología e Etnología* 35 (fasc. 3), paxs. 154–168.

Bello Diéguez, J. M.

1992/93 El monumento de Dombate en el marco del megalitismo del noroeste peninsular. Aspectos arquitectónicos. *Portugália. Nova série* 13–14, paxs. 139–148.

1994 Grabados, pinturas e ídolos en Dombate (Cabana, La Coruña).)Grupo de Viseu o grupo noroccidental? Aspectos taxonómicos y cronológicos. *Estudos Pré-históricos* 2 [Actas do Seminario “O megalitismo no centro de Portugal” (Mangualde, 1992)], paxs. 287–304.

Bouza-Brey, F.

1992 Diario dun arqueólogo (Roupar, 1970). *El Correo Gallego, Revista das Letras* 16, 1 de maio, paxs. 3–15.

Bouza-Brey, F., Carro Otero, J.; García Martínez, C.

1973 Excavación de túmulos dolménicos en San Andrés de Lousada (Lugo). *Noticiario Arqueológico Hispánico* 2 (Prehistoria), paxs. 39–56.

Bueno, P. e mais Fernández-Miranda, M.

1980 El peñatu de Vidiago (Llanes, Asturias). *Altamira Symposium* (1979). Madrid, paxs. 451–467.

Castro, O.

1996 Ídolos megalíticos do norte de Portugal. *O Neolítico Atlántico e as orixes do megalitismo* (Santiago, 1996), comunicación oral.

Criado Boado, F.

1989 Megalitos, espacio, pensamiento. *Trabajos de Prehistoria* 46, paxs. 75–98.

Criado Boado, F.; Aira Rodrígues, M.º J.; Díaz-Fierros Viqueira, F.

1986 *La construcción del paisaje: megalitismo y ecología en la sierra de Barbanza*. Santiago, Xunta de Galicia.

Criado Boado, F. e mais Fábregas Valcarce, R.

1989 Aspectos generales del megalitismo galaico. *Arqueología* 19, paxs. 48–63.

Criado Boado, F. e mais Vaquero Lastres, J.

1991 El fenómeno megalítico y tumular: formas diversas de pasado monumental. En Criado Boado, F. (dir.) *Arqueología del paisaje. El área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales*. A Coruña, Xunta de Galicia, paxs. 129–146.

Cruz, D. J.

1995 Cronología dos monumentos con *tumulus* do noroeste peninsular e da Beira Alta. *Estudos Pré-Históricos* 3, paxs. 81–119.

Cruz, D. J. e mais Vilaça, R.

1990 Trabalhos de escavação e restauro no dólmen 1 do Carapito (Aguiar da Beira, dist. da Guarda). Resultados preliminares. *Trabalhos do Instituto de Antropologia "Dr. Mendes Corrêa"* nº 45, Porto, Faculdade de Ciências.

Cura-Morera, M.; Rovira, J.; e Vilardell, R.

1991 Origen i filiació dels primers grups tumulars catalans. *Congreso internacional "Historia de los Pirineos"*, Tomo I, Madrid, UNED, paxs. 243–259.

1992a Noves aportacions al megalitisme català: revisió de les sepultures del "Solsonià" amb l'aparició de les primeres cambres neolítiques. En *Estat de la investigació sobre el neolític a Catalunya. 9è Col.loqui Internacional d'Arqueologia de Puigcerdà* (Puigcerdà e mais Andorra, 1991). Andorra, Publicacions de l'Institut d'Estudis Ceretans, paxs. 262–264.

1992b Contribucions a la problemàtica dels orígens del megalitisme a Catalunya. En *Estat de la investigació sobre el neolític a Catalunya. 9è Col.loqui Internacional d'Arqueologia de Puigcerdà* (Puigcerdà e mais Andorra, 1991). Andorra, Publicacions de l'Institut d'Estudis Ceretans, paxs. 273–276.

El Ideal Gallego

1972 Excavaciones arqueológicas, en el monte Do Pelre, en la parroquia de O Buriz (Lugo). *El Ideal Gallego* 23 de setembro, pax. 17.

Fábregas Valcarce, R.

1992 *Megalitismo del Noroeste de la Península Ibérica. Tipología y secuencia de los materiales líticos*. Madrid, U.N.E.D.

1993 Las representaciones de bulto redondo en el megalitismo del noroeste. *Trabajos de Prehistoria* 50, paxs. 87–101.

1995 La realidad funeraria en el Noroeste del Neolítico a la Edad del Bronce. En Fábregas Valcarce, R., Pérez Losada, F. e Fernández Ibáñez, C. (dir.) *Arqueoloxía da morte (Xinzo de Limia, 1994)*, Xinzo de Limia, o concello, paxs. 95–125.

Fábregas Valcarce, R. e mais Fuente Andrés, F. de la

1991/92 Excavación da mámoa 6 de Os Campiños (Leiro-Rianxo). Campaña de 1984. *Brigantium* paxs. 91–149.

Fuente Andrés, F. de la, e mais Fábregas Valcarce, R.

1988/89 Nota sobre un ídolo megalítico de Galicia. *Ars Praehistórica* 7/8, paxs. 233–237.

García Martínez, M. C.

1975 Datos para una cronología del arte rupestre gallego. *Boletín del Seminario de estudios de Arte y Arqueología* 40–41, paxs. 477–500.

Gonçalves, A. H. de Bacelar e mais Cruz, D. J.

1994 Resultados do traballo de escavación da mamoia 1 de Madorras (S. Lourenço de Rabapinhão, Sabrosa, Vila Real). *Estudos Pré-históricos 2. Actas do Seminario "O megalitismo no centro de Portugal"*, paxs. 171–232.

Gonçalves, J. L. Marques

1982/83 Monumento pré-histórico da Praia das Maçãs (Sintra). Notícia preliminar. *Sintria I-II*, pax. 29–58.

González Reboredo, X. M.

1976 Petroglifos da provincia de Lugo. *Boletín Auriense* 6, paxs. 59–71.

Jorge, V. Oliveira

1978 Escavación de um túmulo megalítico: problemas metodológicos. *Setúbal Arqueológica* 4, paxs. 241–255.

1987 Uma mamoia megalítica como fonte de información arqueológica e paleoecológica: algumas reflexões. *Trabalhos de Antropología e Etnología* 27, paxs. 225–229.

1991 Megalitismo do Norte de Portugal: algo de novo? Algumas propostas persoais. *Arqueología* 21, paxs. 7–12.

Jorge, V. O. e mais Bettencourt, A. M. S.

1988 Sondagens arqueológicas na mamoia 1 de Chã de Parada (Baião, 1987). *Arqueología* 17, paxs. 73–118.

Leisner, G

1938 *Verbreitung und typologie der Galizisch-Nordportugiesischen Megalithigräber*. Marburg.

Leisner, G e Leisner, V.

1951 *Antas do concelho de Reguengos de Monsaraz*. Lisboa. (Edición facsímil: Lisboa, Uniarch, 1985).

López Cuevillas, F.

1923 Os dólmenes do Monte das Motas en Lobeira. *Nós* 18, paxs. 18–21.

1925 As mámoas do concello de Rairiz. *Boletín de la Real Academia Gallega* XV, paxs. 235–245.

1980 Prehistoria. En Otero Pedrayo (dir.) *Historia de Galicia*. Vol III. Madrid, Akal. (Orixinal redactado en 1953).

Maciñeira Pardo de Lama, F.

1947 *Bares. Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*. Santiago, C.S.I.C.

O'Kelly, M.

1989 *Early Ireland. An introduction to Irish Prehistory*. Cambridge, Cambridge University Press.

Parga, J.

1972 Entrevista con el profesor González Reboredo y el topógrafo-dibujante Varela Veiga. *El Ideal Gallego*, 4 de outubro, paxs. 14–15.

Peña Santos, A. de la e mais Rodríguez Casal, A. A.

1976 Estudio de los materiales conservados en tres sepulturas megalíticas. (península de Morrazo, Pontevedra). *Gallaecia* 2, paxs. 55–97.

Pombo Mosquera, X. A. e mais Rego Álvarez, M. L.

1989/90 O megalitismo nas terras de Vilalba (Lugo). *Brigantium* 6, paxs. 21–53.

Rincón, M^a. A. del

1992 La primera mitad del III milenio. En *Estat de la investigació sobre el neolític a Catalunya. 9è Col.loqui Internacional d'Arqueologia de Puigcerdà (Puigcerdà e mais Andorra, 1991)*. Andorra, Publicacions de l'Institut d'Estudis Ceretans, paxs. 233–236.

Rodriguez Casal, A. A.

1989 *La necrópolis megalítica de Parxubeira*. A Coruña, Monografías Urxentes do Museo 4, Museo Arqueolóxico e Histórico.

1990 *O megalitismo. A primeira arquitectura monumental de Galicia*. Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.

1991 O megalitismo galego: a documentación arqueográfica. En VV. AA. (1991). *Galicia Historia. Prehistoria e Historia Antiga*. A Coruña, Hércules, Tomo I, paxs. 123–171.

Scarre, C.

1989 European megaliths: the Madagascan connection. *Trabalhos de Antropología e Etnología* 29, paxs. 35–46.

Silva, E. Jorge López da

1988 A mamoa de Afife: breve síntese de 3 campanhas de escavação. *Trabalhos de Antropología e Etnología* 28 (1–2), paxs. 127–135.

Sobrino, R.

1954/55 Excavación de una sepultura megalítica en Moraña, Península de Morrazo (Pontevedra). *Noticiario Arqueológico Hispánico* III–IV, paxs. 27–36.

Suárez Otero, X.

1990 Ídolo de Paredes. En *Galicia no Tempo, catálogo da exposición*. Santiago, Xunta de Galicia, paxs. 105–106.

Vaquero Lastres, J.

1995 Túmulos del NW peninsular: escenas. *XXII Congreso Nacional de Arqueología* (Vigo, 1993), tomo I, Vigo, paxs. 39–45.

Vázquez Seijas, M.

1936 Una curiosa placa-ídolo en piedra granítica. *Boletín de la Real Academia Gallega* 22, paxs. 281–283.

Vázquez Varela, J. M.

1991/92 Aspectos económicos y sociales de la construcción de monumentos megalíticos en el noreste de la península Ibérica. *Brigantium* 7, paxs. 177–183.

1993/94 Función y significado de la escultura megalítica de Galicia. *Brigantium* 8, paxs. 49–56.

Vilaseco Vázquez, X. I.

1995a Estructuras de acceso no megalitismo do NW peninsular: unha aproximación teórica. *XXII Congreso Nacional de Arqueología* (Vigo, 1993). tomo I, Vigo, paxs. 387–389.

1995b *Estructuras de acceso nas antas de corredor de Galicia*. Traballo de Investigación de 31 ciclo presentado no Dpto. de Historia I da Universidade de Santiago de Compostela. Inédito.